



CONCELLO DE BOBORÁS

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA, BACHARELATO E CICLOS DE FP PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/2024

PRIMEIRA: Obxecto da convocatoria.

As axudas convocadas mediante as presentes bases, teñen como obxecto o cofinanciamento de material escolar dos alumnos que cursen educación infantil, primaria e secundaria, bacharelato e ciclos de FP. Concíbense como un apoio ás familias empadroadas no Concello de Boborás con dificultades socioeconómicas que dificulten a correcta escolarización dos alumnos.

SEGUNDA: Orzamento.

O orzamento dispoñible para a concesión das axudas, ascende á cantidade de 1.166,00 €. No caso de que a demanda supere o orzamento dispoñible, priorizarase a concesión segundo a puntuación obtida despois da correspondente baremación, ata esgotar o orzamento.

TERCEIRA: Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias as familias que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar empadroados todos os membros da unidade familiar (pai e/ou nai e fillo para o que se solicitan as axudas) no Concello de Boborás. Deberá ter unha antigüedad mínima de 6 meses anterior á Convocatoria destas axudas ou 5 anos no padrón histórico.
2. Ter fillos matriculados para o curso escolar 2023/2024 en educación infantil, primaria ou secundaria, bacharelato e ciclos de FP. No caso de educación infantil e primaria, será requisito indispensable que se atopen matriculados no CEIP Nosa Señora de Xuvencos, exceptuando aos alumnos dos lugares de Astureses que teñen asignados os centros educativos do Carballiño.
3. Que a renda per cápita anual non supere uns ingresos netos de 6.000 €. Computaranse os ingresos de todos os membros da unidade familiar. Para estes efectos, enténdese por unidade familiar os pais dos menores escolarizados así como todos os descendentes e ascendentes que convivan no mesmo domicilio.





CONCELLO DE BOBORÁS

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2022 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2022:

- Sumarase a base imponible xeneral coa base imponible de aforro.
- Deste resultado restarase a cota líquida resultante da auto liquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da auto declaración é o resultado de facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

Recadro 435+ recadro 460 - recadro 595

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Se solicitado o borrador na AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado restaranse os gastos deducibles e as retencións ou pagos á conta efectuados.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

- Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

-Unidades familiares nas que ambos os cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen deber de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente - que é o habitual - ou ben, da declaración conxunta.

-Unidades familiares nas que ambos os cónxuxes, ou calquera outro integrante percibe rendas pero só un deles ten o deber de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar, dos datos do borrador do IRPF excepto os datos que figuren no recadro 537 correspondente á cota resultante da auto liquidación, dado





CONCELLO DE BOBORÁS

que o contribuínte non presentou a declaración polo IRPF. No caso de que un dos membros no canto de borrador dispoña dun certificado de imputación de rendas, para realizar o cálculo dos seus ingresos deberá sumar os rendementos íntegros e restar os gastos deducibles e as retencións ou pagos a conta efectuados.

-Cando ambos os cónxuxes perciban rendas pero non teñan deber de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita á tributación no IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os datos do borrador do IRPF ou no seu caso os datos que figuren no certificado de imputación de rendas do mesmo xeito que no apartado anterior.

2. A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

CUARTA: Contía das axudas.

- Alumnos de infantil: 70 euros por beneficiario
- Alumnos de primaria: 90 euros por beneficiario
- Alumnos de secundaria: 110 euros por beneficiario
- Alumnos de bacharelato: 130 euros por beneficiario
- Alumnos de FP: 130 euros por beneficiario

Estas axudas serán compatibles con calquera outra axuda solicitada para o mesmo concepto (material escolar noutras Administracións).

QUINTA: Solicitud e documentación.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Boborás ou segundo o establecido no artigo 16 da lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Acompañaranse da seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI do/a solicitante, pasaporte ou NIE.
2. Fotocopia do Libro de Familia.
3. Certificado de convivencia.





CONCELLO DE BOBORÁS

4. Acreditación da situación económica e laboral de todos os membros da unidade de convivencia: declaración da renda do 2022. No caso de non estar obrigado a presentala, requirirase o certificado negativo de Facenda e os xustificantes que acrediten os ingresos (certificado do INEM sobre as prestacións de desemprego, certificado de pensións, convenio regulador, de ser o caso, ou calquera outro documento que acredite ingresos). De non poder acreditar documentalmente a situación económica, será precisa a presentación de Declaración xurada.
5. Tarxeta de demandante de emprego, de ser o caso.
6. Fotocopia do certificado do grao de discapacidade e/ou valoración de dependencia, de ser o caso.
7. Certificado do centro educativo que acredite a matrícula e o nivel escolar que cursa o alumno.
8. Certificado do número de conta.
9. Facturas acreditativas do gasto en material escolar.

SEXTA: TRIBUNAL DE VALORACIÓN

Será designado pola alcaldesa e terá a seguinte composición:

- Presidente: A traballadora social do Concello.
- Secretario: Un funcionario da Corporación, persoal laboral fixo da Corporación, habilitado de carácter nacional ou da Deputación de Ourense designados pola Alcaldía.
- 3 vogais: funcionarios ou traballadores do Concello, ou habilitado de carácter nacional ou da Deputación de Ourense designados pola Alcaldía.

SÉTIMA: Procedemento.

Unha vez presentadas as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro medio recolleito no artigo 16 da lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, procederase á valoración por parte do Tribunal da documentación presentada e a posterior baremación para establecer unha orde de prioridade, no caso de que sexa preciso. De existir expedientes coa mesma puntuación e esgotar o crédito dispoñible, terá prioridade o que posúa unha menor renda.

O órgano competente para a instrución será a concelleira de Educación.

O órgano competente para resolver a concesión ou denegación será a alcaldesa-presidenta, en base á proposta do Tribunal de Valoración unha vez realizada a





CONCELLO DE BOBORÁS

avaliación e baremación. Comunicarase a resolución á persoa interesada no prazo dunha semana.

OITAVA: Criterios de avaliación e baremo.

Terán se en conta os seguintes factores para determinar unha puntuación segundo o maior grao de necesidade:

1. Situación socioeconómica:

- Familia na que o sustentador principal atópese en situación de desemprego: 5puntos.
- Familia numerosa: 5 puntos.
- Familia monoparental: 3puntos.
- Familia na que algún membro recoñecese o grao de discapacidade e/ou valoración de dependencia: 3 puntos.
- Familia na que o sustentador principal sexa vítima de violencia de xénero: 5puntos.

2. Factores sociais:

- Familia incluída no Programa de Educación Familiar: 5 puntos.
- Familia beneficiaria de RISGA: 5 puntos.

NOVENA: Prazo de presentación de solicitudes e facturas.

O prazo será de 7 días naturais a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na Base de Datos Nacional de subvencións.

DÉCIMA: Xustificación e pago das axudas.

Procederase ao pago da axuda unha vez se resolvan se resolvan as solicitudes.

A ALCALDESA.- ANA PATRICIA TORRES MADUREIRA

Boborás, na data da sinatura electrónica.





CONCELLO DE BOBORÁS

MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR

DATOS DO PAI/NAI/SOLICITANTE	
APELIDOS NOME	
DNI	TELÉFONO
DIRECCIÓN	LOCALIDADE
CP	
DATOS DO/S ALUMNO/ S PARA OS QUE SE SOLICITAN	
1º. PARENTESCO	2º. PARENTESCO
APELIDOS	APELIDOS
NOME	NOME
CURSO	CURSO
DATOS BANCARIOS	
DOCUMENTACIÓN A APORTAR	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Fotocopia do DNI/Pasaporte/NIE. 2. Fotocopia do Libro de Familia. 3. Certificado de convivencia 4. Declaración do IRPF dos convivintes, referida ao exercicio inmediatamente anterior ao da solicitude e/o xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade de convivencia. 5. Informe de vida laboral. 6. Declaración de non estar incurso nas prohibicións do artigo 10 da Ley 9/2007, de subvencións de Galicia 7. Tarxeta de demandante de emprego, de ser o caso. 8. Certificado de discapacidade e/o dependencia. 9. Certificado do centro educativo. 10. Certificado de número de conta. 11. Facturas do gasto en material escolar. 	

O/A solicitante declara ser certos os datos consignados na presente solicitude e a documentación que se lle achega e quedar decatado/a de o deber de comunicar inmediatamente calquera variación dos





CONCELLO DE BOBORÁS

mesmos e de resarcir, no seu caso, ao Concello de Boborás o importe da prestación cobrada indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades que houbese.

ASINA DA NAI/PAI/SOLICITANTE

ANEXO

Don/Dona con
NIF en relación á solicitude de axuda para adquisición de
material escolar do/a alumno/a
con residencia no Concello de Boborás.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que como solicitante non me atopo incurso en ningunha das prohibicións ás que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, por tanto, cumpro todos e cada un dos requisitos que esta esixe para obter a condición de beneficiario.

Boborás, de de 2023

ASINA NAI/PAI/SOLICITANTE





CONCELLO DE BOBORÁS

